

PARTE IV

PLAN DE COOPERACIÓN



IV .PLAN DE COOPERACIÓN

1.- OBXECTIVOS PERSEGUIDOS

O obxectivo deste Plan é a execución de proxectos do GDR ASDECOMOR xunto a outros Grupos de Desenvolvemento Rural sobre temáticas concretas, co obxectivo de resolver problemas comúns e obter vantaxes e sinerxías no desenvolvemento da estratexia a través da colaboración técnica e financeira. Esta cooperación terá distintos ámbitos, desenvolvéndose proxectos entre grupos da comunidade autónoma, entre grupos do Estado español e/ou grupos da U.E. e mesmo de terceiros países

Entre as operacións (actuacións) previstas inclúese a concepción, desenvolvemento e execución de proxectos de cooperación nos seguintes ámbitos de actuación:

- *Ámbito cultural e turístico: Os traxectos do Camiño de Santiago e o patrimonio cultural inmaterial como elementos de dinamización, promoción e desenvolvemento do territorio.*
- *A actividade económica do medio rural: Posta en valor dos produtos agroalimentarios e a recuperación de cultivos tradicionais*
- *Fomento da innovación a través da cooperación e o traballo en rede.*

2.- ARTICULACIÓN COAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL E COHERENCIA COA ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL

2.1.- ARTICULACIÓN COAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL

O Regulamento 1305/2013, do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ó desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1698/2005 configura o novo escenario da política de desenvolvemento rural, co obxectivo de promover un desenvolvemento rural sostible, como complemento das políticas de apoio ó mercado e ós ingresos aplicadas no marco da política agraria común, a política de cohesión e a política pesqueira común.

A política de desenvolvemento rural céntrase na consecución de tres obxectivos, a saber, fomento da competitividade da agricultura, garantir a xestión sostible dos recursos naturais e a acción polo clima e lograr un desenvolvemento territorial equilibrado das economías e comunidades rurais incluíndo a creación e conservación do emprego. Os obxectivos de desenvolvemento rural, que contribúen á Estratexia Europa 2020 para un crecemento intelixente, sustentable e integrador, enmarcaranse nas seis prioridades seguintes de desenvolvemento rural da Unión, que reflicten os obxectivos temáticos correspondentes do MEC:

O Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se

establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello, regula no título III, capítulo II o desenvolvemento local participativo (DLP).

As estratexias de desenvolvemento local poden contribuír a varios dos obxectivos dos fondos estruturais de investimento europeos (fondos EIE); non obstante o desenvolvemento local participativo debe efectuarse no contexto dun único obxectivo temático. No ámbito do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) prográmase integramente na área focal: 6B “promover o desenvolvemento local nas zonas rurais”. Non obstante, tendo en conta a súa natureza e as operacións que, coas limitacións e condicionantes establecidos nestas bases se incluírán nas estratexias dos GDR, servirá para contribuír á consecución doutras prioridades e áreas focais, en particular, as seguintes:

- 1A: fomentar a innovación, a cooperación e o desenvolvemento da base de coñecementos nas zonas rurais.
- 2B: facilitar a entrada no sector agrario de agricultores adecuadamente formados, así como o rexeneramento xeracional.
- 3A: mellorar a competitividade dos produtores primarios, fornecendo valor engadido aos produtos agrarios e promocionandos nos mercados locais.
- 4A: restaurar, preservar e mellorar a biodiversidade, os sistemas agrarios de alto valor natural, así como o estado das paisaxes europeas.
- 5: promover a eficiencia dos recursos e fomentar o paso a unha economía baixa en carbono e capaz de adaptarse ao cambio climático nos sectores agrario, alimentario e forestal.
- 6A: facilitar a diversificación, creación e desenvolvemento de pequenas empresas e a creación de emprego.
- 6C: mellorar a accesibilidade ás tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), así como ao uso e a calidade destas nas zonas rurais.

O apoio do Feader ao desenvolvemento local de Leader debe englobar tamén proxectos de cooperación interterritorial entre agrupacións dun só Estado membro, proxectos de cooperación transnacional entre agrupacións de varios Estados membros ou proxectos de cooperación entre agrupacións de Estados membros e terceiros países. A cooperación recóllese nos artigos 35 e 44 c) do Regulamento 1305/2013, do Consello, do 17 de decembro de 2013,

A cooperación neste período de programación será optativa para os GDR. A submedida 19.3 do PDR de Galicia 2014-2020 establece o seu marco xeral.

2.2.- COHERENCIA CO PROGRAMA PRESENTADO

Nas reunións celebradas coas diferentes Mesas Sectoriais existe unha diagnose compartida sobre as seguintes carencias ou necesidades:

- *os baixos ingresos que reportan ós produtores agrarios a venda dos seus produtos, fundamentalmente pola baixa capacidade de negociación.*
- *a falta de coordinación turística nos diferentes territorios, limitándose en moitos casos a facer unha promoción ó público en xeral, non existindo segmentación dos mercados nin estratexias claras de comercialización.*
- *interese en poñer en valor as terras baldías, recuperando o “patrimonio xenético” dos territorios.*
- *falta de axentes “tractores” para a innovación e o desenvolvemento económico. Tamén se observou a perda de competitividade xeral do territorio e as súas empresas fronte a territorios máis innovadores. Se fixo tamén fincapé no descoñecemento empresarial sobre as plataformas tecnolóxicas galegas e o Sistema Galego I+D en xeral.*

Entre as prioridades da E.D.L.P. da comarca de Ordes atópanse o fomento da innovación, coa cooperación e desenvolvemento do coñecemento no territorio, o incremento do valor engadido das cadeas agroalimentarias e forestais, mediante o fomento de producións de calidade e peche dos ciclos produtivos.

Asemade, entre os obxectivos estratéxicos figuran os seguintes relacionados cos proxectos propostos no Plan de Cooperación:

01.2. Implementar estruturas de asesoramento técnico específicas para as empresas rurais.

01.3. Potenciar a investigación e innovación e a transferencia de coñecementos.

02.3. Favorecer o desenvolvemento dunha oferta turística adaptada á demanda

03.1. Promover un cambio de modelo produtivo do sector primario comarcal.

04.1. Mellorar a conectividade das Tic e potenciar o seu uso para o desenvolvemento empresarial.

05.3. Promover o mantemento, recuperación e rehabilitación dos recursos patrimoniais e culturais

Os proxectos que se expoñen a continuación tentan satisfacer as necesidades detectadas na diagnose así como cumprir cos obxectivos establecidos na Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa da Comarca de Ordes

3.- PROXECTOS CONCRETOS

3.1.- POSTA EN VALOR E ACCESO Ó MERCADO DE PRODUTOS AGROALIMENTARIOS LOCAIS A TRAVÉS DE CIRCUITOS CURTOS E ACCESO A MERCADOS EXTERIORES

3.1.1.- ANTECEDENTES, XUSTIFICACIÓN E INTERESE

A novas tendencias de consumo, que conducen á busca progresiva de produtos sanos, naturais, dotados dunha identidade vinculada a un territorio (montaña, espazo protexido, etc.) abren novas oportunidades de mercado ós produtos das zonas rurais.

Os circuitos “curtos” de comercialización permiten ó produtor diminuír os intermediarios para chegar ó consumidor, polo que, se pode definir o circuito “corto” como aquel no que o produtor proporciona directamente o seu produto ao consumidor (venta directa).

Os circuitos curtos presentan oportunidades de crear valor engadido no territorio e de reforzar a especificidade dos produtos. Debido ó estreito vínculo creado entre territorio, cliente e produto, estas formas de venta reforzan o carácter non deslocalizable da produción local.

3.1.2.- BREVE DESCRIPCIÓN DO PROXECTO

Proxecto de cooperación que busca crear unha plataforma común para a comercialización de producións agroalimentarias. Este proxecto pretende mellorar e ampliar o mercado dos produtos locais. Se deseñarían expositores en puntos de venda e se definiría unha marca de garantía común para os produtos locais.

As fases a implementar serían as seguintes:

- a. Identificación de axentes e produtos nos territorios potencialmente interesados en participar
- b. realización de actividades de dinamización cara a captación de produtos
- c. Estudo de mercado a nivel para definir as canles dos produtos a comercializar
- d. Organización da loxística e o comercio tanto en circuitos curtos como no acceso a grandes mercados
- e. Desenvolvemento comercial.

3.1.3.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PROXECTO

- Incrementar o valor percibido dos produtos agroalimentarios do territorio e incentivar o emprego agrario
- Sentar as bases para futuras empresas transformadoras
- Fomentar novas técnicas e producións (control integrado, produción integrada, agricultura ecolóxica) e mellorar o proceso de comercialización dos produtores individuais a través da unificación e da busca de novos canais de venda)
- Ter identificadas as fases de produción, mantendo un control sobre cada unha delas garantindo a trazabilidade.
- Identificar os produtos locais cun distintivo diferenciado, ofrecendo unha marca de calidade ao consumidor con produtos coa máxima seguridade e garantías de orixe.
- Establecer a loxística para o acceso a mercados de cercanía (circuitos curtos), e a súa combinación con mercados exteriores.

3.1.4- VALOR ENGADIDO DA COOPERACIÓN

Apoiar a cooperación interempresarial. Aforro custes promocionais. Economías de escala para vender maior gama de produtos chegando a un maior número de consumidores.

3.1.5- ÁMBITO XEOGRÁFICO E ENTIDADES POTENCIALMENTE SOCIAS

O ámbito territorial abarcará el territorio de actuación de los G.D.R. potencialmente socios del proxecto e que, en principio serían os seguintes: GDR 06; GDR 17, GDR 18; GDR 21; GDR 22 e GDR 23; todos eles galegos.

3.1.6.- REPERCUSIÓN SOBRE A XESTIÓN SOSTIBLE DOS RECURSOS NATURAIS, MEDIOAMBIENTAIS E CLIMÁTICOS E/OU NA CONSECUCCIÓN DUN DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL EQUILIBRADO DAS ECONOMÍAS E COMUNIDADES RURAIS

Ao longo da historia, o transporte de alimentos a longas distancias foi parello á mellora dos procedementos de conservación: secado afumado, salazón, frío, salmoira,... Pero a chegada doutros procesos de conservación para produtos lácteos, derivados do froita, verduras, e mesmo para alimentos precociñados trouxo consigo a era do envase e dos alimentos "viaxeiros". Na actualidade, a xeración de montañas de lixo e o custo enerxético do transporte supoñen un grave problema ambiental. A venda en mercados de proximidade debería incidir positivamente na redución de envases, coa conseguinte mellora ambiental.

De igual xeito, cando algúns alimentos chegan ao consumidor polas canles convencionais poden triplicar o prezo que se lle paga ao produtor, ademais de xerar parte do problema arriba indicado. Abaratar os prezos finais, á vez que pagamos de forma xusta ao produtor, pasa necesariamente pola utilización dos circuitos curtos de comercialización. Estes poden ser postos de venda directa en mercados, onde o propio agricultor vende aos consumidores ou colectivos de consumidores, agrupados en asociacións ou cooperativas que adquiren os seus produtos directamente dos produtores.

Os circuitos curtos de comercialización permiten mellorar a relación calidade-prezo, evitando as marxes excesivas que soportan algúns produtos ecolóxicos no mercado, eliminando intermediarios da cadea de comercialización e axustando os prezos aos custos reais de produción, facilitan o contacto directo entre produtor e consumidor e potencian o desenvolvemento de economías locais.

Esta mellora nos prezos permitirá facer un sector máis atractivo de cara a incorporar persoas novas na actividade agraria. Estas canles permitirán tamén asegurar dalgún xeito a comercialización das producións, reforzando a incorporación de novos activos.

3.1.7.- RESULTADOS ESPERADOS: Búscase a consolidación dun modelo de comercialización de produtos agrarios a partir dunha estrutura xerada polos propios produtores co apoio dos axentes dinamizadores de cada un dos territorios participantes no proxecto. Este proxecto pode sentar as bases dunha rede de comercialización da

producción agraria local posta en valor a través dos criterios de calidade, trazabilidade e autoxestión.

1. Mellorar a marxe da rendibilidade das explotacións agrarias, gandeiras e os primeiros transformadores artesáns que se incorporen ó mesmo en cada un dos territorios.
2. Establecer vínculos coa restauración e hostalería en xeral, así como o comercio de proximidade, co obxecto de que estes poidan ofrecer a súa vez ós seus clientes auténticos produtos locais.
3. Establecer vías para o acceso a mercados exteriores.

3.1.8.- ORZAMENTO PREVISTO: 120.000 €

3.2.- NOVOS HORIZONTES II: RECUPERACIÓN DE VARIEDADES FITOXENÉTICAS TRADICIONAIS E NOVOS CULTIVOS.

3.2.1.- ANTECEDENTES, XUSTIFICACIÓN E INTERESE

O GDR “ASDECOMOR”, como grupo coordinador, levou a cabo no período 2010-2013, e xunto con outros 13 Grupos (11 galegos e 2 asturianos) o proxecto de cooperación interterritorial denominado “Nuevos Horizontes” cuxo obxectivo xeral consistiu na recuperación do patrimonio xenético vexetal e identificar, ensaiar e difundir cultivos tradicionais e novas producións.

O actual proxecto xustifícase pola necesidade de darlle continuidade ó anterior e poñer en valor terras abandonadas para poder ampliar e mellorar explotacións existentes; recuperar as diferentes variedades que se están perdendo e aproveitar os cambios nas tendencias do mercado.

O seu interese radica en:

- a) Crear ou desenvolver novos nichos de mercado
- b) Recuperar o patrimonio xenético vexetal
- c) Posta en valor de terras improdutivas e fomentar unha agricultura sustentable

3.2.2.- BREVE DESCRICIÓN DO PROXECTO

O proxecto tería como obxectivo xeral identificar, ensaiar, e difundir cultivos tradicionais e novas producións que poidan xerar emprego agrario, conectando estas producións con demandantes de emprego e cos mercados obxectivos

3.2.3.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PROXECTO

1. Posta en marcha estruturas de produción para crear emprego agrícola.
2. Recuperación de producións e variedades tradicionais.
3. Incorporar xoves á actividade agraria.

4. Posta en valor de terras improdutivas.
5. Animar a diversificación produtiva

3.2.4- VALOR ENGADIDO DA COOPERACIÓN

A utilización dunha metodoloxía común a todos os territorios, a realización dun proxecto que individualmente sería moito máis difícil de realizar, as sinerxías entre territorios e a solución a carencias técnicas xustifican o valor engadido da cooperación.

3.2.5- ÁMBITO XEOGRÁFICO E ENTIDADES POTENCIALMENTE SOCIAIS

Os grupos que se prevé inicien o proxecto son os seguintes: GDR 05; GDR 06; GDR 17, GDR 18; GDR 21; GDR 22; GDR 23 e GDR 24, todos eles da Comunidade Autónoma de Galicia.

O territorio de actuación comprenderá o de cada un dos G.D.R.

3.2.6.- REPERCUSIÓN SOBRE A XESTIÓN SOSTIBLE DOS RECURSOS NATURAIS, MEDIOAMBIENTAIS E CLIMÁTICOS E/OU NA CONSECUCCIÓN DUN DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL EQUILIBRADO DAS ECONOMÍAS E COMUNIDADES RURAIS

- As producións serán respetuosas co medio ambiente
- Recuperaranse variedades fitoxenéticas que están en perigo de desaparición.
- Terá incidencia sobre colectivos de mozos e mulleres
- Ábrese a posibilidade de atopar novos “nichos de emprego”

3.2.7.- RESULTADOS ESPERADOS:

- Posta en marcha de terreo actualmente improdutivo en cada territorio.
- Recuperación de ecotipos e variedades tradicionais
- Fomento do emprego agrario

3.2.8.- ORZAMENTO PREVISTO: 240.000 €

3.3.- INTERRITMO: RITMOS E POBOS II

3.3.1.- ANTECEDENTES, XUSTIFICACIÓN E INTERESE

O Patrimonio Cultural Inmaterial constitúe unha rica herdanza ante a que as xeracións presentes temos una irrenunciable responsabilidade, por canto que este Patrimonio se transmite de xeración en xeración, é recreado constantemente polas comunidades e grupos en función do seu entorno, infundíndolles un sentimento de identidade e continuidade e contribuíndo así a promover o respecto da diversidade cultural e a

creatividade humana. É polo tanto, toda manifestación cultural viva asociada a significados colectivos compartidos e con raizame nunha comunidade. Por constituír creacións específicas estas formas de facer, xunto coas súas normas de organización e os seus códigos de significación, son valoradas na comunidade que as celebra. De aí que se consideren Patrimonio Cultural de grupos, de comunidades ou de áreas culturais porque, ademais de formar parte da memoria da comunidade onde se crearon, son froito da vocación colectiva por mantelas vivas e por ser recoñecidas como parte integrante do Patrimonio Cultural propio. É Patrimonio Cultural porque é transmitido e recreado e existe consenso colectivo para escenificalo e experimentalo no presente e para que teña continuidade no futuro.

Ao mesmo tempo, que son valores culturais dun territorio e das súas xentes, estes valores poden e deben contribuír a estimular a creación de emprego e a promover novos modelos de desenvolvemento territorial sustentable. Ningún territorio pode vivir á marxe do seu patrimonio inmaterial, e sen el o seu desenvolvemento non pode ser sustentable.

3.3.2.- BREVE DESCRICIÓN DO PROXECTO

Desde o proxecto *INTERRITMOS: RITMOS E POBOS II* pretendemos a xestión, visibilización e difusión patrimonio inmaterial desde a innovación. A innovación permite chegar a un público máis amplo como medio para estimular o interese polas artes escénicas e musicais procedentes da tradición. Para o que se pretende establecer unha metodoloxía de traballo en base a una gobernanza participativa, dixitalización en liña do patrimonio inmaterial musical (dixitalización de partituras e dixitalización sonora) e a realización de eventos culturais onde se combine a música tradicional, a artesanía e os produtos Agroalimentarios

3.3.3.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PROXECTO

1. Dixitalización en liña do patrimonio inmaterial musical (dixitalización de partituras e dixitalización sonora)
2. Realización de festivais onde se combine a música tradicional, a artesanía e os produtos agroalimentarios

3.3.4.- VALOR ENGADIDO DA COOPERACIÓN

O valor engadido do proxecto atópase, en primeiro lugar, na innovación que supón traballar en conxunto e tradúcese nunha visión integradora do proxecto e do territorio e a complementariedade entre actores e acción a realizar.

3.3.5.- ÁMBITO XEOGRÁFICO E ENTIDADES POTENCIALMENTE SOCIAS

Os grupos que se prevé inicien o proxecto son os seguintes:

- GDR 11, GDR 16, GDR 18, GDR 21 e GDR 22 de Galicia
- ADRECAG de Castela León
- GDR SERRANÍA SUROESTE SEVILLA, e ADERCON de Andalucía
- ADECOM – LÁCARA e APRODERVE de Estremadura
- CAMPOO LOS VALLES de Cantabria

O ámbito xeográfico comprenderá todo o territorio de actuación de cada unha das entidades socias.

3.3.6.- REPERCUSIÓN SOBRE A XESTIÓN SOSTIBLE DOS RECURSOS NATURAIS, MEDIOAMBIENTAIS E CLIMÁTICOS E/OU NA CONSECUCCIÓN DUN DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL EQUILIBRADO DAS ECONOMÍAS E COMUNIDADES RURAIS

A recuperación do patrimonio inmaterial musical supón un impulso ó desenvolvemento territorial mediante a posta en valor do seu patrimonio. Asemade, a celebración de xornadas e festivais en cada un dos territorios supón un impulso ó desenvolvemento económico dos mesmos.

3.3.7.- RESULTADOS ESPERADOS:

- Realización de festivais onde se combine a música tradicional, a artesanía e os produtos agroalimentarios
- Recuperación de pezas do patrimonio inmaterial musical

3.3.8.- ORZAMENTO PREVISTO: 250.000 €

3.4.- FOMENTO DA INNOVACIÓN EN REDE.

3.4.1.- ANTECEDENTES, XUSTIFICACIÓN E INTERESE

Os Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia levan anos traballando en rede no campo da innovación, entendida esta como o desenvolvemento de novos servizos, produtos e novas formas de enfrontarse aos desafíos e ás necesidades que presenta especificamente o rural do territorio.

Este proxecto xustifícase e ten ou seu interese na necesidade de conectar o mundo empresarial co da investigación académica e/ou científica (universidades e centros de investigación) para o desenvolvemento de proxectos innovadores.

3.4.2.- BREVE DESCRICIÓN DO PROXECTO

Contratación dun técnico de apoio e formación, así como equipamento para poder desenvolver a actividade dentro GDR de difusión e fomento da innovación dirixidas a emprendedores e empresas do ámbito territorial dos GDR participantes no proxecto.

3.4.3.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PROXECTO

1. Crear estruturas estables para o fomento da innovación nos territorios rurais.
2. Fomentar as sinerxías Universidade – Empresa – Centros de innovación.
3. Transferencia de resultados de investigacións e difusión para a súa posta en valor
4. Fomentar o xurdimento de proxectos de I+D+i nas empresas locais.

3.4.4- VALOR ENGADIDO DA COOPERACIÓN

Posta en rede destes técnicos. Busca de solucións comúns para proxectos empresariais en distintos territorios.

3.4.5- ÁMBITO XEOGRÁFICO E ENTIDADES POTENCIALMENTE SOCIAIS

Os grupos que se prevé inicien o proxecto son os seguintes: GDR 05; GDR 06; GDR 18; GDR 21; GDR 22 e GDR 23, todos eles da Comunidade Autónoma de Galicia.

O territorio de actuación comprenderá o de cada un dos G.D.R.

3.4.6.- REPERCUSIÓN SOBRE A XESTIÓN SOSTIBLE DOS RECURSOS NATURAIS, MEDIOAMBIENTAIS E CLIMÁTICOS E/OU NA CONSECUCIÓN DUN DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL EQUILIBRADO DAS ECONOMÍAS E COMUNIDADES RURAIS

Os proxectos que puidesen xurdir por parte do tecido empresarial poderán estar relacionados con sectores clave para a sostenibilidade económica (aforro enerxético, aproveitamento sub produtos, etc.).

Así mesmo, a innovación empresarial pode ser a clave para o crecemento destas empresas e o seu correspondente incremento no nivel de emprego, que beneficiaría a persoas novas.

3.4.7.- RESULTADOS ESPERADOS:

Xurdimento de proxectos de I+D+i en cada territorio e sinaturas de acordos entre empresas, centros de innovación e universidades.

3.4.8.- ORZAMENTO PREVISTO: 45.000 € por grupo participante

3.5.- CAMIÑOS A COMPOSTELA

3.5.1.- ANTECEDENTES, XUSTIFICACIÓN E INTERESE

ASDECOMOR a través do Programa LEADER+, ten posto en marcha un proxecto de cooperación transnacional que agrupa a 10 Grupos de Acción Local (5 españois e 5 portugueses) denominado “Proxecto ECO-RED DE MUSEOS VIVOS” cuxo obxectivo principal era xerar nos habitantes e nos visitantes da Comarca de Ordes, un compromiso de preservación do medio ambiente e a valorización do patrimonio local a través do turismo, xerando un efecto divulgativo e sensibilizador nos visitantes.

Os outros grupos que conformaría o proxecto teñen desenvolvido iniciativas de similar natureza.

Nas E.D.L.P. dos distintos GDR tense identificado o turismo e concretamente o Camiño de Santiago como motor de desenvolvemento dos territorios, así como o recurso que supón a cooperación con outros territorios como estratexia para acadar “economías a escala” e facer produtos ou servizos máis atractivos.

3.5.2.- BREVE DESCRICIÓN DO PROXECTO

Creación de paquetes turísticos coordinados e promoción conxunta de todos os territorios participantes no proxecto, a través de paquetes culturais do patrimonio.

3.5.3.- OXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PROXECTO.

- a. Promoción conxunta a través de paquetes culturais do patrimonio dos territorios participantes no proxecto
- b. Centralización dos paquetes turísticos, podendo crearse unha nova marca que os identifique.
- c. Aplicación das novas tecnoloxías (NNTT) para a comercialización.

3.5.4.- VALOR ENGADIDO DA COOPERACIÓN

Aforro custos en promoción; paquetes turísticos máis compactos e completos; maior número de servizos para negociar volumes nos paquetes; complementariedade entre os destinos ofertados.

3.5.5.- ÁMBITO XEOGRÁFICO E ENTIDADES POTENCIALMENTE SOCIAIS

O ámbito xeográfico comprendería os territorios dos grupos socios do proxecto, que inicialmente serían os seguintes: GDR 05; GDR 06; GDR 18; GDR 21; GDR 22, GDR 23E GDR 24 da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.5.6.- REPERCUSIÓN SOBRE A XESTIÓN SOSTIBLE DOS RECURSOS NATURAIS, MEDIOAMBIENTAIS E CLIMÁTICOS E/OU NA CONSECUCIÓN DUN DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL EQUILIBRADO DAS ECONOMÍAS E COMUNIDADES RURAIS

O proxecto incide directamente na posta en valor do patrimonio natural existente na comarca mediante o turismo, polo que se pode dicir que afectará positivamente.

A través desta iniciativa se poden crear novos “nichos de emprego” dando cabida a mulleres e mozos en postos de traballo de guías turísticos da comarca. Así mesmo, as novas empresas de servizos que xurdan terán unha máis doada comercialización.

3.5.7.- RESULTADOS ESPERADOS:

Realización campañas promocionais de turismo en mercados específicos e especializados.

Creación e posta no mercado dos paquetes (web; pasarela pagos)

3.5.8.- ORZAMENTO PREVISTO: 320.000 €